



PTU AC 18 082
CARNOTA (A CORUÑA)
PED EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL NO
VALADIÑO.
Consultas Art. 75.3 LSG
Páxina 1 de 2

INFORME SOBRE O PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS PARA EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL NO VALADIÑO, PARROQUIA DE SAN MAMEDE DO CONCELLO DE CARNOTA, AOS EFECTOS DO TRÁMITE DE CONSULTAS PREVISTO NO ARTIGO 75.3 DA LEI DO SOLO DE GALICIA.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCACC) somete a consultas desta Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU) o plan especial referido, en virtude do artigo 75.3.b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 186.3 do seu regulamento (RLSG).

Logo de analizar a documentación remitida, datada en xaneiro de 2018 e redactada polo arquitecto José Lorenzo Crespo Rama; e vista a proposta subscrita pola Subdirección Xeral de Urbanismo, emítense o seguinte informe:

I. ANTECEDENTES

1. O Concello de Carnota dispón na actualidade de Normas subsidiarias de planeamento municipal (NNSS) aprobadas definitivamente o 08/06/1996.
2. O plan especial promóvese de oficio polo Concello de Carnota e non está previsto nas normas subsidiarias municipais.
3. O órgano ambiental someteu este plan especial á consulta da DXOTU por resolución de data 13/06/2018. A documentación sobre a que se consulta está constituída por:
 - a) Borrador do plan especial de dotacións e infraestruturas.
 - b) Documento ambiental estratéxico do plan especial.

II. OBXECTO E DESCRICIÓN DO PROXECTO

1. O obxecto do plan especial (apartado 1 do borrador) é construír unha edificación de nova planta para uso sociocultural ao servizo dun conxunto de aldeas, nunha parcela de propiedade municipal.
2. O ámbito, situado na á beira da estrada local de Gosende a Arcos, acada 18.390 m² clasificados como solo rústico de protección agropecuaria (Disposición transitoria primeira, apartado 2.d) da LSG). A nova edificación situaríase entre dúas instalacións existentes, un almacén de 551 m² e unha pista polideportiva de 922 m².

III. ANÁLISE E CONSIDERACIÓNS

1. Viabilidade da aprobación dun plan especial de dotacións para equipamento sociocultural en solo rústico.

O equipamento público trátase dun uso ou actividade construtiva admisible en solo rústico, segundo o disposto no artigo 35.1.p da LSG, sendo exixida a aprobación dun plan especial de dotacións para a súa implantación polo artigo 36.4 desa lei.





PTU AC 18 082
CARNOTA (A CORUÑA)
PED EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL NO
VALADÍÑO.
Consultas Art. 75.3 LSG
Páxina 2 de 2

2. Xustificación da situación do equipamento no solo rústico (artigo 39 d) da LSG).

Segundo o borrador, trátase de posibilitar a construcción dun edificio para centro sociocultural veciñal, nun predio no que xa existen outras instalacións municipais (almacén e pista polideportiva) e que se encontra equidistante dos diversos núcleos rurais que pretende servir, o que xustifica a súa localización en solo rústico.

3. O plan especial cumplirá as determinacións establecidas no artigo 73 da LSG e o art. 183 do seu regulamento, polo que incluirá o destino concreto para cada espazo do ámbito e as medidas necesarias para a súa adecuada integración no entorno.
4. Obsérvase que se presenta dentro do plan especial a documentación dun concreto proxecto básico e de execución da edificación. Debe terse en conta que de incorporarse este proxecto ao plan especial as súas determinacións construtivas son vinculantes e só poden ser alteradas mediante modificación do plan especial.
5. Xa que as actuacións que se prevén neste plan especial son municipais, nun terreo de titularidade do concello, non procede o establecemento dun sistema de actuación, polo que se corrixirán neste sentido as ordenanzas e normas reguladoras.
6. Para a tramitación do plan especial seguirase o procedemento sinalado no artigo 75 da LSG; tendo en conta que o Concello deberá solicitar das administracións públicas, ao tempo que se realiza o trámite de información pública, os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos (art. 75.1.b) da LSG).

Santiago de Compostela (data e sinatura dixitais)

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

M^a Encarnación Rivas Díaz

(asinado dixitalmente á marxe)

